

100 anos de Alfonso Zulueta de Haz

O notario vigués cumprirá mañá o seu centenario ► Foi o artífice da tradución da Biblia orixinal ao galego; presidiu a Fundación Penzol e o Consello da Cultura Galega

MAR MATO
VIGO

"Houbo xente que para a edición da [primeira] Biblia en galego, estivo facendo aportacións mensuais durante 15 anos. Bote as contas. Pagaban mil pesetas daquela durante ese tempo. Foron 180.000 pesetas (cada persoa) para recibir unha Biblia de regalo. Foi do ano 1973 ao 1989. Houbo xente que naqueles anos apoiaba así a cultura galega. Alfonso Zulueta de Haz foi unha delas", lembra Silvestre Gómez, vicepresidente de editorial de pensamento cristián SEPT.

De vivir, Zulueta de Haz –falecido no que presidiu a SEPT nos anos 70 e foi presidente do Consello da Cultura e da Fundación Penzol– cumprirá mañán 100 anos.

Desde entidades como o Consello da Cultura Galega rendéronlle homenaxe coa celebración dunhas xornadas, coordinadas por Silvestre Gómez.

Nelas, falouse da importancia da Biblia en galego –que xa vai pola cuarta edición, a última con revisión lingüística do ano 2021 baixo o paraguas de Galaxia– que impulsou Zulueta de Haz nun momento no que as compañías como a Editorial Galaxia animaban a costear a edición de libros con aportacións individuais, polo que a SEPT decidiu seguir o modelo.

"Falamos dunha tradución feita dende as linguas orixinais: hebreo, arameo e grego. Daquela, estaban facendo outra tradución ao galego, de Casado Nieto, pero dende a versión latina. Hai que ter en conta que a tradución da SEPT foi realizada maioritariamente por especialistas en estudos bíblicos", engade Gómez.



Alfonso Zulueta de Haz foi notario en Marín e Vigo e activista social. # M. Mato

Impulsor do acordo co Concello de Vigo para amosar o legado de Penzol no Casco Vello

A Casa Galega da Cultura, ubicada no antigo Concello de Vigo no Casco Vello da cidade, acolle unha das mellores coleccións de Galicia de libros e documentos chave do galeguismo e da literatura galega para a súa investigación. Trátase da Funda-

ción Penzol. Que ese legado se atope nese edificio, débese ás negociacións que realizaron no seu día Antón Vidal Andión e Alfonso Zulueta de Haz co apoio tamén de Francisco Fernández del Riego.

De Haz converteuse no ano

2012 en presidente da Fundación Penzol. Cinco anos máis tarde, xa moi enfermo, deixou o cargo pero o padroado designouno presidente de honra. O legado de Zulueta –de documentos, libros e obras de arte– atópase agora na Penzol.

"Calquera lingua debe ter traducións das obras fundamentais de literatura universal e a Biblia é o libro máis lido e traducido. Era lóxico

que houbera a súa tradución ao galego. En canto ao aspecto relixioso, para oficiarse a misa, e noutros actos litúrxicos, nunha lingua pe-

císanse os textos e, polo tanto, a tradución da Biblia", explica Silvestre Gómez.

Os dous coincidiron nos anos

70 na SEPT e ali foi onde Gómez se percatou de que "era unha persoa de conviccións claras. Sabía exactamente o que quería facer pero por outra parte era moi respetuoso cos demais. Era unha persoa moi atenta á situación dos demais" cun labor comuño coa súa dona, María Teresa Fernández.

Isto referendouno co seu labor social: fundou e presidiu a Fundación Tutelar Galega para Discapacitados Psíquicos Sálvora e foi asesor xurídico e fundou a Asociación Xoán XXIII para as persoas con diversidade funcional.

Fundou entidades como Xoán XXIII ou Sálvora para xente con diversidade funcional

O notario vigués estivo, antes de Vigo, destinado en Marín, época na que se mestou de cheo na actividade cultural de Portavedra onde foi o primeiro presidente do Ateneo da cidade do Lerez. Ali organizaba charlas dun grande abano ideolóxico: dende Carl Marx a Xoán XXIII, por exemplo, en plena década dos anos 60 da ditadura franquista.

"Era unha persoa de conviccións relixiosas moi firmes. Concorraba co espírito do Concilio Vaticano II, que supuxo unha renovación na Igrexa", defende o tamén historiador. Naquela altura, o galego recibira a autorización do Vaticano para ser lingua oficial de liturxia en Galicia a partir de xaneiro de 1983.

Galegista de corazón, Zulueta de Haz mantivo moi forte o seu compromiso político. Foi fundador do Partido Galego Socialdemócrata co que foi candidato nas primeiras eleccións.

Tamén foi vicepresidente de Galaxia, presidente do Consello Social da Universidade de Vigo, do Consello da Cultura Galega, entre outras entidades.